

ACTA DE XUNTA DIRECTIVA DO CLUBE DE MONTAÑA XISTRA, CELEBRADA TELEMATICAMENTE POR JITSI-MEET O DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2020 ÁS 21:15 HORAS.

Asistentes

Presidente

D. Xosé Henrique Freixeiro

Directivos asistentes

D^a. Henar de Diego de Diego

D. Raúl Leirós Gutiérrez

D. José Carlos Senovilla Sanz

D. José Miguel Merino Encinas

Colaborador consultado e invitado

D. Xosé Lois Freixeiro

Escusan a asistencia

D^a. M^a Begoña Landesa Torrado

D^a. María Luísa Martínez Bello

D. Antonio Paredes Chapela

D. Ángel González Iglesias

Iníciase a reunión da Xunta Directiva, convocada de forma telemática polo Presidente a tal efecto, segundo as recomendacións presentes de protección Covid-19, e cumprindo a redacción actual do Art.13.4 dos vixentes Estatutos da entidade.

Art. 13.4 Excepcionalmente en casos de forza maior, ou por necesidades especiais xustificadas, as reunións da Xunta Directiva poderán realizarse de forma non presencial, mediante medios telemáticos adecuados, debendo levantar acta e sendo esta asinada posteriormente de forma presencial ou telemática polos membros asistentes.

ORDE DO DÍA

- 1 Establecemento de bonificacións excepcionais nas cotas sociais e tramitación de licenzas para 2021, coma consecuencia do Covid-19.....1
- 2 Establecemento de novos concursos deportivos denominados "Retos de Marchas 12-25".....2
- 3 Saídas de montaña con permisos FGM.....2

SESIÓN

1 Establecemento de bonificacións excepcionais nas cotas sociais e tramitación de licenzas para 2021, coma consecuencia do Covid-19.

O Presidente expón a situación da entidade debido as consecuencias colaterais da pandemia e restricións derivadas do Covid-19.

Por unha banda, non foi posible a entrega das axudas a deportistas correspondentes ós gastos polas súas participacións en actividades en 2019, que estaban previstas pagar durante os primeiros meses de 2020. Por outra banda, a entidade ten percibido axudas durante 2019 e 2020 dende o Concello de Vigo, a Deputación Provincial de Pontevedra e a Xunta de Galicia.

Ante a previsible situación de que a principios do ano 2021 os deportistas non tramiten as súas licenzas ata que a implantación das vacinas e dunha normalidade social sexan reais, o club podería ter difícil percibir novas subvencións por carecer de deportistas activos a primeiros de ano, polo que o Presidente propón axudar a aqueles socios que tramiten o seu seguro federativo a principios do exercicio 2021, para o que se utilizarán os recursos das achegas das subvencións públicas para o deporte e as axudas non entregadas a deportistas (quedando anulado o dereito de cobro polos interesados).

Proponse subvencionar a tódolos socios actuais de menos de dezaioito anos mediante a exención da cota anual e a asunción do custe total dunha licenza A ou B en 2021. Para os novos socios menores de idade, seguirán vixentes as axudas de anos precedentes.

Para os maiores de 18 anos que soliciten a tramitación da súa licenza antes do 31 de xaneiro de 2021 estableceranse as seguintes bonificacións:

- Os socios con licenza en Xistra en ámbolos dous anos 2019 e 2020, e con dereito a axudas por participación en 2019 segundo a listaxe presentada na anterior Asemblea Xeral Ordinaria, terán unha subvención polo custe total dunha licenza A ou B.
- Os socios que cumpran co requisito anterior e que tamén teñan participado en 2020 na

actividade federativa de esquí e raquetas, na marcha de 50 quilómetros de Padrón, nas marchas de 25 quilómetros de Noia ou de Marín, e/ou nos Concursos de Montañismo de Xistra, terán o beneficio dunha subvención polo custe total da cota anual do club.

- O resto dos socios con licenza en 2020 pero que non cumpran cos requisitos anteriores, e que tramiten a súa licenza durante o mes de xaneiro de 2021, terán un desconto igual a media cota anual social.

Postas a votación estas propostas son aprobadas por unanimidade.

2 Establecemento de novos concursos deportivos denominados “Retos de Marchas 12-25”.

Dadas as expectativas de falta de actividade federativa e social do club para principios de 2021, propónse potenciar os Concursos de Montañismo de Xistra, e a máis crear un tipo de marcha organizada de forma virtual e en períodos temporais abertos.

Estas marchas serán rutas de percorridos de entre 12 e 25 quilómetros, fundamentalmente circulares, a similitude das marchas do Open de Andainas, propostas por socios e, unha vez estudadas e aceptadas polo club, difundidas a través da web xistra.org.

Buscarase diversos percorridos por áreas locais e comarcais (tendo en conta as restricións de confinamento e peches perimetrais de Concellos impostas dende a Xunta de Galicia ou outras institucións públicas), con dificultades baixas ou medias, para facer en autosuficiencia, con marcha en solitario ou grupo familiar, e sen marcaxe.

Os percorridos serán difundidos mediante tracks en formato GPX dende a web xistra.org para poder usar en aparellos GPS e/ou teléfonos intelixentes.

Os participantes poderán realizar a marcha en calquera día ou hora do ano (respectando as normativas e restricións legais vixentes) e serán consideradas coma adestramentos para as probas oficiais federativas e do club, así coma valoradas para os Concursos sociais. O único requisito que deberán realizar os participantes será remitir aviso e fotos da execución da actividade.

Acéptase este tipo novo de concurso Retos de Marchas 12-25 e acórdase darlle publicidade e potencialo.

3 Saídas de montaña con permisos FGM.

Infórmase da posibilidade (con restricións e uso comedido) de emitir certificados dende o club, avalados pola Federación Galega de Montañismo, que sirvan de salvocondutos para a realización de adestramentos individuais e para a participación en actividades do calendario federativo.

Estudárase esta opción para propoñer actividades sociais de interese e para fomentar a actividade dos socios que o precisen, máis alá das restricións xerais de desprazamento fóra das áreas acoutadas pola Administración.

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 22:45 horas do día 11 de decembro de 2020 procédese a pechar a reunión. Segundo a normativa, solicitarase a sinatura e o visto e prace dos Directivos Asistentes e do Presidente.